


PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL



XUNTA
DE GALICIA

ÍNDICE



ÍNDICE

1	PRESENTACIÓN
	1.1. Introducción xeral
	1.2. Estrutura do documento
	1.3. Matriz de contidos

Título I. METODOLOXÍA DE ELABORACIÓN DO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL

Capítulo 1. MARCO XURÍDICO

1.	Introdución
	1.1. A competencia autonómica sobre a ordenación do litoral e a autonomía municipal
	1.2. Natureza do Plan de ordenación do litoral
	1.3. Ámbito
	1.4. Funcións
	1.5. Zonificación e usos
2.	Marco legal
	2.1. Contexto normativo
	2.2. O Plan de ordenación do litoral como instrumento de planificación territorial
	2.3. Procedemento para a elaboración e tramitación

Capítulo 2. CRITERIOS METODOLÓXICOS

1.	Principios reitores para unha protección sostible
	1.1. Obxectivos clave
	1.2. Principios reitores das políticas
2.	A protección do litoral e a paisaxe, un novo enfoque para a planificación
3.	Principios do Plan de ordenación do litoral

Capítulo 3. O GOBERNO DO TERRITORIO E A PARTICIPACIÓN

1.	A participación institucional e social no proceso de elaboración do POL
	1.1. Obxectivos do proceso de participación
	1.2. Exploracións participativas cos concellos
2.	Cuestionario DELPHI
	2.1. Cuestionario DELPHI a actores institucionais e sociais. Diagnóstico percibido
	2.2. Sistema de traballo para o desenvolvemento da enquisa a expertos co método DELPHI sobre o POL de Galicia
	2.3. Cuestionario DELPHI
3.	Enquisa participativa previa ao trámite de audiencia aos concellos
	3.1. Introducción
	3.2. Deseño do cuestionario
	3.3. Proceso de recollida de información
	3.4. Descrición de resultados
4.	Trámite de audiencia previa á aprobación inicial
	4.1. Introducción
	4.2. Análise dos datos recibidos
	4.3. Consultas e divulgación do POL

Título II. PAISAXE

Capítulo 1. A PAISAXE

- 1. Introdución
 - 1.1. A paisaxe como obxecto de dereito e a súa potencialidade na ordenación territorial
 - 1.2. A paisaxe no Plan de ordenación do litoral
 - 1.3. A valoración da paisaxe
 - 1.4. Os valores estéticos, simbólicos e culturais
 - 1.5. Planificación da paisaxe
- 2. A paisaxe do litoral de Galicia
 - 2.1. A clasificación e delimitación das paisaxes
 - 2.2. A construción tradicional da paisaxe no litoral de Galicia
 - 2.3. As novas paisaxes
- 3. Caracterización das paisaxes costeiras
 - 3.1. O papel das variables oceanográficas
 - 3.2. A importancia dos diferentes tipos de rocha
 - 3.3. A configuración do litoral: os tipos de costa
 - 3.4. As condicións climáticas do litoral
 - 3.5. A variabilidade vexetal
 - 3.6. A ocupación humana do territorio e a construción da paisaxe

Capítulo 2. AS PAISAXES

- 1. A definición dun ámbito de estudio e as súas escalas de aproximación
 - 1.1. Ámbito
 - 1.2. Alternativas de delimitación
 - 1.3. Escalas de aproximación
- 2. Comarcas costeiras
 - 2.1. Mariña Lucense
 - 2.2. Rías Altas
 - 2.3. Golfo Ártabro
 - 2.4. Arco Bergantiñán
 - 2.5. Costa da Morte
 - 2.6. Rías Baixas
 - 2.7. Costa Sur
- 3. Sectores costeiros
 - 3.1. Mariña Lucense
 - 3.2. Rías Altas
 - 3.3. Golfo Ártabro
 - 3.4. Arco Bergantiñán
 - 3.5. Costa da Morte
 - 3.6. Rías Baixas
 - 3.7. Costa Sur

- 4. Unidades de paisaxe
 - 4.1. Tipos de paisaxe caracterizadas e cartografadas
- 5. O litoral e o prelitoral. O ámbito de xestión
 - 5.1. Xustificación dos límites fluviomarinós
 - 5.2. A inclusión no ámbito de xestión de determinadas unidades prelitorais
 - 5.3. Criterios utilizados e decisións tomadas na revisión do ámbito de xestión

Capítulo 3. A CARACTERIZACIÓN DA PAISAXE

- 1. Introdución
- 2. Usos e elementos cartografados
 - 2.1. Usos
 - 2.2. Patrimonio natural
 - 2.3. Patrimonio cultural
 - 2.4. Construcións e asentamentos
 - 2.5. Elementos e caracteres perceptivos de interese
- 3. Campos que desenvolven as unidades
- 4. Conclusións

FICHAS DE UNIDADES DE PAISAXE

Título III. SÍNTESI TERRITORIAL

Capítulo 1. ESTRUTURA TERRITORIAL

- 1. As escalas de lectura do territorio
 - 1.1. O ámbito de estudo en relación a Europa
 - 1.2. Galicia no contexto do espazo atlántico
 - 1.3. Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal
 - 1.4. Galicia
 - 1.5. Distribución da poboación
- 2. O sistema de asentamentos
 - 2.1. O sistema tradicional de asentamentos
 - 2.2. O modelo actual
- 3. O Planeamento territorial
 - 3.1. As Directrices de ordenación do territorio
 - 3.2. Os Plans territoriais integrados
 - 3.3. Os programas coordinados de actuación
- 4. O Planeamento sectorial
 - 4.1. Relación entre os planes territoriais integrados e os planes sectoriais
 - 4.2. Ordenación sectorial
- 5. O Patrimonio natural
 - 5.1. Rede galega de espazos naturais protexidos
 - 5.2. Outros espazos protexidos de Galicia
 - 5.3. Outras figuras de protección internacional
- 6. O Planeamento urbanístico vixente
 - 6.1. Lexislación urbanística: un breve percorrido histórico
 - 6.2. Planeamento Municipal vixente nos concellos do POL
 - 6.3. O caso particular do solo rústico
- 7. Conclusións

Capítulo 2. ECONOMÍA

- 1. Introducción
- 2. Situación xeográfica
- 3. Infraestruturas e equipamentos
 - 3.1. Infraestruturas terrestres
 - 3.2. Infraestruturas portuarias
 - 3.3. Infraestruturas aeroportuaria
 - 3.4. Recursos sanitarios
 - 3.5. Recursos educativos
 - 3.6. Outras infraestruturas

- 4. Análise demográfica
- 5. Análise do mercado de traballo
- 6. Análise sectorial
 - 6.1. Sector pesqueiro
 - 6.2. Sector agrícola
 - 6.3. Sector gandeiro
 - 6.4. Sector forestal
 - 6.5. Sector industrial
 - 6.6. Sector enerxético
 - 6.7. A construción
 - 6.8. Actividade comercial
 - 6.9. Hostalería e lecer
 - 6.10. Actividade turística
 - 6.11. Sector público
 - 6.12. Plans de dinamización económica
 - 6.13. Banca
 - 6.14. Desenvolvemento tecnolóxico
 - 6.15. Renda familiar dispoñible e PIB habitante
- 7. Análise DAFO
 - 7.1. Debilidades
 - 7.2. Fortalezas
 - 7.3. Ameazas
 - 7.4. Oportunidades
- 8. Plan de Acción

Capítulo 3. TURISMO

- 1. Trazos xerais do turismo en Galicia
- 2. O modelo de deseño dos espazos turísticos
- 3. Aplicación do modelo: caracterización dos espazos turísticos no litoral galego
 - A. Mariña Lucense
 - B. Rías Altas
 - C. Golfo Ártabro - Arco Bergantiñán
 - D. Arco Bergantiñán - Costa da Morte
 - E. Rías Baixas
 - F. Costa Sur
- 4. Breve diagnóstico
 - 4.1. Facilitadores
 - 4.2. Barreiras

5.

Propostas estratéxicas

5.1. Regulación e restrición dos accesos a áreas estratéxicas de conservación

5.2. Desviación de turismo cara a destinos de interior

5.3. Fomento de uso do ferrocarril

5.4. Consolidación de usos turísticos respectuosos co litoral

6.

Conclusións

Capítulo 4. ENERXÍA

1.

O sector enerxético

2.

Recursos enerxéticos

2.1. Recursos naturais

2.2. Investigación e desenvolvemento de novas tecnoloxías

2.3. Capacidade de produción

3.

Balance enerxético

3.1. Infraestruturas eléctricas

3.2. Infraestruturas de gas natural

4.

Enerxía, medio natural e paisaxe

5.

Plans e programas

5.1. Plans enerxéticos

5.2. Referencias doutras experiencias en relación con instrumentos de planificación integral ou sectorial ligados coa planificación e a paisaxe realizada noutras comarcas ou comunidades

6.

Criterios para un modelo de desenvolvemento sostible

6.1. Infraestruturas

6.2. Eficiencia e aforro enerxético

6.3. Fomento do uso de enerxías renovables

6.4. Pulo ás novas tecnoloxías

Título IV. MODELO DE XESTIÓN

Capítulo 1. MODELO.

1.

Un instrumento necesario

2.

Alcance

2.1. Obxectivos e determinacións

2.2. Funcións

2.3. Percepción e paisaxes

2.4. Clasificación

2.5. Xestión coordinada e dinámica

3.

Xestión

3.1. Ámbito de xestión

3.2. Ámbito de aplicación e eficacia

4.

Metodoloxía e modelo territorial

4.1. Estrutura

4.2. Documentación

4.3. Interpretación

5.

As áreas

5.1. Áreas continuas

5.2. Áreas descontinuas

6.

Os asentamentos

7.

Sistemas xerais territoriais

8.

A xestión

8.1. Relación co planeamento vixente

8.2. Normas xerais para os desenvolvementos urbanísticos

9.

Conclusións

Capítulo 2. ESTRATEXIAS

1.

Estratexia 1. Posta en valor de elementos identitarios do litoral

2.

Estratexia 2. Corredores ecolóxicos e culturais

3.

Estratexia 3. Sendas patrimoniais

4.

Estratexia 4. Recuperación e adecuación paisaxística dos sistemas duna-praia

5.

Estratexia 5. Recalificación da fachada marítima

6.

Estratexia 6. Integración de infraestruturas viarias e tratamento de accesos a núcleos

7.

Estratexia 7. Observatorios de paisaxes

Capítulo 3. A SENDA DOS FAROS

- 1. Introdución
 - 1.1. Articulación con outras sendas
 - 1.2. Plan de etapas
 - 1.3. Obxectivos
- 2. Trazado xeral da Senda dos faros
- 3. Ruta iniciática: as sete costas
 - 3.1. Faro de Ribadeo. Illa Pancha
 - 3.2. Faro de Cabo Ortegal
 - 3.3. Faros de Poriño e A Palma
 - 3.4. Senda de Caión a Baldaio
 - 3.5. Senda do Faro de Fisterra ao Faro de Cee
 - 3.6. Senda de Monte Facho a Cabo Home
- 4. Instrumentos de desenvolvemento
- 5. Usuarios da senda

Título V. NORMATIVA

Capítulo 1. NORMATIVA

- 1. Título preliminar. Disposicións xerais
- 2. Título I. Modelo territorial
- 3. Título II. Criterios xerais
- 4. Título III. Principios xerais
- 5. Título IV. Normas xerais
- 6. Título V. Normas complementarias
- 7. Título VI. Relación co planeamento municipal vixente
- 8. Disposicións transitorias
- 9. Disposicións adicionais
- 10. Outras disposicións

Título VI. PROGRAMA DE ACTUACIÓN

Capítulo 1. PROGRAMA DE ACTUACIÓN

- 1. Introducción
- 2. Actuacións de cooperación e coordinación coas distintas administracións públicas e entidades con incidencia no eido litoral
 - 2.1. Desenvolvemento do Convenio suscrito entre o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño e a Xunta de Galicia para a xestión integrada do litoral
 - 2.2. Para a integración dos recursos aplicados en políticas de desenvolvemento económico e social
 - 2.3. Para a transferencia de coñecemento e boas prácticas na xestión das áreas litorais
- 3. Actuacións orientadas á protección dos valores naturais e patrimoniais existentes no ámbito do Plan de ordenación do territorio
 - 3.1. Rexeneración de zonas degradadas ou non integradas
 - 3.2. Mellora de espazos de especial valor paisaxístico
 - 3.3. Xestión de espazos protexidos
 - 3.4. Posta en valor dos elementos culturais
- 4. Actuacións orientadas a suplir déficits en materia de infraestruturas
 - 4.1. Estudos para a integración paisaxística das infraestruturas
 - 4.2. Plan de mobilidade sustentable do litoral
- 5. Actuacións para o fomento do coñecemento e regulación do uso público do espazo litoral
 - 5.1. Plan de espazos turísticos sustentables
 - 5.2. Recuperación de sendas tradicionais para percorridos litorais alternativos
 - 5.3. Plan de usos de praias urbanas
 - 5.4. Proxecto interdisciplinar para a incorporación da paisaxe como materia dos ciclos educativos (art. 14.2 da Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia)
 - 5.5. Habilitación de puntos de observación da paisaxe
- 6. Actuacións de fomento do coñecemento orientadas á investigación e divulgación técnica e científica
- 7. Actuacións de promoción e investigación da paisaxe litoral
 - 7.1. Elaboración dos Catálogos de paisaxe litoral
 - 7.2. Elaboración das Directrices de paisaxe litoral
 - 7.3. Plan de divulgación e sensibilización das paisaxes litorais
 - 7.4. Guía de criterios de integración paisaxística de sectores de actividade económica, parques empresariais, áreas industriais e instalacións acuícolas

Título VII. ANEXOS

Anexo 1. ESPAZOS DE INTERESE PAISAXÍSTICO

- 1. Mariña Lucense
- 2. Rías Altas
- 3. Golfo Ártabro
- 4. Arco Bergantiñán
- 5. Costa da Morte
- 6. Rías Baixas
- 7. Costa Sur

Anexo 2. NÚCLEOS DE IDENTIDADE DO LITORAL

- 1. Mariña Lucense
- 2. Rías Altas
- 3. Golfo Ártabro
- 4. Arco Bergantiñán
- 5. Costa da Morte
- 6. Rías Baixas
- 7. Costa Sur

Anexo 3. PRAIAS

- 1. Mariña Lucense
- 2. Rías Altas
- 3. Golfo Ártabro
- 4. Arco Bergantiñán
- 5. Costa da Morte
- 6. Rías Baixas
- 7. Costa Sur

Anexo 4. MARCO XURÍDICO

- 1. Contexto internacional
- 2. Contexto normativo nacional
- 3. Contexto normativo autonómico

Anexo 5. GRAO DE COMPATIBILIDADE

Título VIII. INFORME DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL (ISA)

Capítulo 1. RESUMO NON TÉCNICO

- 1.1. Introducción
- 1.2. Determinación do ámbito de influencia
- 1.3. Análise obxectiva do contorno
- 1.4. Definición de obxectivos
- 1.5. Análise de alternativas
- 1.6. Identificación e caracterización dos efectos sobre o medio
- 1.7. Deseño de medidas
- 1.8. Establecemento do plan de seguimento
- 1.9. Informe sobre a viabilidade económica
- 1.10. Análise de coherencia

Capítulo 2. INFORME DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL

- 1. Introducción
 - 1.1. Procedemento
 - 1.2. Metodoloxía para a elaboración do ISA
- 2. Determinación do ámbito de influencia
- 3. Análise obxectiva do contorno
 - 3.1. Análise obxectiva da situación actual
 - 3.2. Relación cos plans vixentes ou en proceso de elaboración ou revisión
 - 3.3. Identificación dos elementos estratéxicos do territorio
- 4. Definición de obxectivos
 - 4.1. Solo
 - 4.2. Paisaxe
 - 4.3. Patrimonio natural
 - 4.4. Patrimonio cultural
 - 4.5. Sociedade e economía
 - 4.6. Atmosfera
 - 4.7. Ciclo hídrico
 - 4.8. Enerxía
 - 4.9. Ciclo de materiais
 - 4.10. Cambio climático
 - 4.11. Mobilidade
- 5. Análise de alternativas
 - 5.1. Alternativa 0
 - 5.2. Alternativa 1
 - 5.3. Alternativa 2
 - 5.4. Alternativa 3
 - 5.5. Alternativa 4

- 6. Identificación e caracterización dos efectos sobre o medio
 - 6.1. Efectos da ordenación do territorio no litoral
- 7. Deseño de medidas
 - 7.1. Consideración da previsible interacción con outro planeamento
 - 7.2. Medidas para o desenvolvemento en ferverza con criterios de sostibilidade
- 8. Establecemento do plan de seguimento
 - 8.1. Indicadores de desenvolvemento e implantación
 - 8.2. Indicadores de sostibilidade territorial
 - 8.3. Enquisa de percepción territorial e urbanística
 - 8.4. Órganos para o seguimento
- 9. Informe sobre a viabilidade económica
- 10. Análise de coherencia
 - 8.1. Coherencia externa (análise da compatibilidade estratéxica)
 - 8.2. Coherencia interna

Capítulo 3. INDICADORES DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL

- 1. Ocupación do territorio
- 2. Paisaxe
- 3. Patrimonio natural
- 4. Patrimonio cultural
- 5. Socioeconomía

DOCUMENTACIÓN GRÁFICA

Desde a Xunta de Galicia estamos convencidos de que o desenvolvemento da nosa Comunidade Autónoma debe fundamentarse nun crecemento harmónico cos valores do noso territorio. Nese sentido, o litoral de Galicia presenta un diverso número de paisaxes e oportunidades, que a sociedade enteira debe poñer en valor.


Neste contexto, o Plan de ordenación do litoral xorde como un instrumento capaz de favorecer una xestión integral do territorio, un instrumento eficaz para dirixir as políticas de ocupación do solo co obxectivo de avanzar cara a unha sociedade máis xusta e competitiva pero ao mesmo tempo máis comprometida coa sostibilidade e a paisaxe.

Unha paisaxe: un mar, unha terra e as súas xentes, que son o pasado, o presente e sen dúbida ningunha o futuro máis esperanzador de Galicia e que precisa dun novo modelo para seguir vivindo nun territorio que experimentou nas últimas décadas, máis ca ningún otro de Galicia, unha forte presión urbanizadora.

Dirixir estes procesos e conseguir unha protección efectiva da costa son un dos obxectivos máis ambiciosos deste Plan de ordenación do litoral. Xunto a estes, e na orixe da súa metodoloxía e formulación, está o dar a coñecer estes valores naturais e humanos que conforman a nosa identidade.

Convencidos da importancia que a ordenación do territorio ten no só para a calidade de vida da nosa sociedade, senón tamén para a nosa economía é polo que se redactou o Plan de Ordenación do Litoral co obxecto de que sirva como modelo e instrumento de coordinación das políticas con incidencia no territorio costeiro.

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas



1. PRESENTACIÓN

1.1. INTRODUCCIÓN XERAL

O desenvolvemento sostible de Galicia é unha prioridade estratéxica da acción de goberno da Xunta de Galicia. O noso patrimonio natural é a base sobre a que se debe sustentar o crecemento equilibrado da nosa economía e calidade de vida.

Con este obxectivo, o Goberno está a impulsar unha serie de políticas considerando o conxunto do territorio de Galicia como un único sistema, un gran espazo único de maneira que a súa ordenación e o seu desenvolvemento harmónico e racional garantan a súa sostibilidade.

Nese sentido, o desenvolvemento dos instrumentos previstos na **Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, é o primeiro paso para a consecución destes obxectivos.**

A **Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, desenvolve a competencia en materia de ordenación territorial atribuída á Comunidade Autónoma e establece os obxectivos e instrumentos para desenvolvelos.** Configúranse así as Directrices de ordenación do territorio, os Plans territoriais integrados, os Programas coordinados de actuación, os Plans e proxectos sectoriais e os Plans de ordenación do medio físico.

Con posterioridade a Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, establece que o Plan sectorial de ordenación do litoral a que fai referencia a disposición transitoria oitava da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, terá a natureza dun Plan territorial integrado regulado na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, co obxecto de establecer os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

Do mesmo xeito a **Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia,** establece a suspensión de novos desenvolvementos urbanísticos na zona litoral segundo os supostos recollidos nos seus artigos 3 e 4. Conforme a eles, o alcance da dita suspensión prorrogábase durante o prazo de dous anos contados desde a entrada en vigor da citada lei, ou ata a aprobación do Plan de

ordenación do litoral ou do Plan xeral de ordenación municipal adaptado integramente á Lei 9/2002, do 30 de decembro. Estas medidas acádanse o día 17 de maio de 2009.

Na primavera de 2009, aínda que os traballos para a elaboración deste Plan estaban avanzados, quedaba non obstante un longo camiño por percorrer. De tal xeito que ese mesmo ano se aproba a Orde do 14 de maio de 2009 pola que se acorda unha nova suspensión cautelar previa á aprobación inicial do Plan de ordenación do litoral de Galicia. Esta Orde suspende a tramitación e aprobación dos Plans especiais de reforma interior, Plans parciais, Plans de sectorización e instrumentos de equidistribución que teñan por obxecto a transformación urbanística de terreos situados a unha distancia inferior a 500 metros, medidos en proxección horizontal terra dentro, desde o límite interior da ribeira do mar dos municipios que se relacionan no anexo da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia conforme os supostos establecidos no articulado da Orde.

A citada suspensión produciuse co obxecto de evitar as consecuencias derivadas da consolidación de expectativas de urbanización xeradas pola aprobación de planeamento de desenvolvemento, así como pola necesidade de que o ámbito material do Plan de ordenación do litoral non se vise previamente condicionado.

O 15 de maio de 2009 publícase no DOG a Orde do 14 de maio de 2009 pola que se acorda a suspensión cautelar previa á aprobación inicial do POL, de maneira que as medidas de suspensión do artigo 1º desta orde serán de aplicación nos municipios con planeamento xeral non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, durante o prazo dun ano contado desde a entrada en vigor desta orde, ou ata a aprobación inicial do POL ou a aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal adaptado integramente á Lei 9/2002.

Estamos convencidos de que en boa parte a degradación que sufriu o litoral de Galicia provén dunha ausencia de coñecemento da súa natureza e as súas dinámicas. Así, fronte ao descoñecemento, o urbanismo sen límites ocasionou transformacións bruscas en boa parte da costa xerando graves problemas de perda de valor dun territorio e unha paisaxe fortemente apreciados pola poboación. Unha paisaxe que é ao mesmo tempo un recurso e un activo patrimonial, económico, ambiental e funcional.



1.02

*Cabo Ortegal.
Rías Altas.*

O modelo de crecemento que poderíamos denominar “sen criterio” orixinou ademais dunha urbanización intensa e uns sistemas urbanos ineficientes, unha serie de impactos e efectos perturbadores que afectan non só á percepción que temos da paisaxe litoral senón ao sistema litoral no seu conxunto (hidroloxía, hábitats e biodiversidade, perda de solo, contaminación, etc.), poñendo en perigo o propio funcionamento do sistema costeiro. A impermeabilización dos solos, a fragmentación dos hábitats, a perda de biodiversidade, a presión sobre a calidade e cantidade dos recursos hídricos, a contaminación e produción de residuos, os custos globais da erosión, son só algunhas das consecuencias destes procesos.

O crecemento urbano é necesario, pero debe responder a un modelo de desenvolvemento equilibrado e sostible. A definición deste novo modelo de ocupación do territorio correspóndelle á Xunta de Galicia en colaboración cos axentes sociais, concellos e institucións a través dos instrumentos de ordenación do territorio e planeamento urbanístico.

Trátase dun plan que esperamos que sexa capaz de proporcionar elementos de decisión que contribúan á xestión sostible do Litoral, a recuperación de zonas degradadas e a conservación das áreas sensibles ao mesmo tempo que informar á poboación sobre os problemas ambientais da zona costeira e a urxente necesidade dunha xestión racional deste territorio. Para iso, fíxose un especial esforzo por identificar, protexer e poñer en valor os distintos elementos de carácter natural e do patrimonio cultural e etnográfico que caracterizan a costa de Galicia.

Estamos convencidos de que a medida máis eficaz e eficiente para lograr una solidariedade interxeracional e un uso racional dos recursos é o coñecemento. Por iso, este plan incorpora unha análise exhaustiva e rigorosa do territorio co obxectivo non só de facer aflorar os seus valores senón de dalos a coñecer. Desde a delimitación do ámbito á identificación das distintas unidades de paisaxe pasando polos diferentes estudos e análises, así como a xeración dunha cartografía extensa e de fácil entendemento. O entendemento e o coñecemento deste complexo sistema facilitará a comprensión do modelo e as decisións adoptadas, e así será máis fácil que a sociedade de Galicia faga seu este plan. Este é o reto, que a xestión do POL sexa o mecanismo máis eficaz para a consecución dun desenvolvemento sostible de Galicia no seu conxunto e do seu litoral en particular.

Este é o camiño que se iniciou no mes de xaneiro de 2010 coa tramitación do Plan de ordenación do litoral. O presente documento constitúe o documento de Aprobación inicial do Plan de ordenación do litoral. Como se verá ao longo de esta memoria e, especialmente nos capítulos dedicados ao marco xurídico e ao goberno do territorio e a participación, trátase dun documento aberto, coñecido e participado xa pola sociedade, os municipios, o Parlamento e os distintos axentes con competencias no territorio.

O documento que agora se somete a aprobación inicial nutriuse de todas as contribucións e suxestións habidas durante o trámite previo de audiencia e continuará medrando durante a información pública tras a aprobación inicial.

1.2. ESTRUCTURA DO DOCUMENTO

Este documento contén:

- memoria.
- cartografía.
- fichas de unidades de paisaxe.

1.2.1. A MEMORIA.

A memoria encóntrase estruturada en oito títulos:

TÍTULO I. METODOLOXÍA DE ELABORACIÓN DO POL.

Este título recolle o marco xurídico e metodolóxico para a formulación do POL prestando especial atención aos aspectos que foron máis debatidos durante o trámite previo de audiencia. Do mesmo xeito, este título recolle un extenso capítulo dedicado ao goberno do territorio y a participación no que se detallan as medidas levadas a cabo para coñecer a realidade territorial e as necesidades dos municipios, administracións e entidades con implicación no litoral. Trátase dun modelo de planificación territorial que ten como principio reitor a integración e conciliación dos intereses da sociedade cos valores patrimoniais para avanzar no desenvolvemento dun instrumento de xestión do litoral propio, e desexado.

TÍTULO II. PAISAXE.

Recolle tres capítulos destinados á compresión da paisaxe de litoral de Galicia, a definición concreta do ámbito do Plan e a análise dos seus elementos estruturantes. Todo iso cunha ollada holística e integradora que permite que a paisaxe se converta na ferramenta de estudo básica do presente documento. Esta análise plásmase na caracterización dunhas unidades de paisaxe e nunha cartografía de usos e elementos para a valoración que será fundamental para comprender e concretar o Modelo territorial proposto polo presente Plan.

TÍTULO III. SÍNTESE TERRITORIAL

Recolle catro capítulos dedicados á estrutura territorial, a dinámica socioeconómica, a dinámica turística e a enerxía como análises do punto de partida da situación actual do litoral de Galicia.

O obxectivo é mostrar unha ollada integral do conxunto das dinámicas, usos e actividades que conviven no litoral. Desta maneira establécense os elementos sobre os cales fixar a atención en estudos posteriores.

TÍTULO IV. MODELO DE XESTIÓN.

Recolle o Modelo proposto polo POL, así como unha serie de Estratexias que o exemplifican. Do mesmo xeito, recóllese un capítulo, o terceiro, especificamente dedicado á Senda dos Faros que deberá desenvolverse con posterioridade á entrada en vigor do presente Plan.

O capítulo 1 deste título é o destinado a motivar e explicar o contido específico del e é imprescindible a súa lectura para a correcta aplicación de los criterios, principios e normas xerais recollidos na Normativa.

TÍTULO V. NORMATIVA

Este título desenvolve o mandato legal establecido na Lei 6/2007, que fixa como obxectivos “establecer os criterios, principios e normas xerais para a conservación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras”. Estes aspectos desenvólvanse cunha dobre funcionalidade, por unha banda un marco de referencia para o planeamento (“criterios, principios e normas xerais”) que deberá ser desenvolvido polo planeamento urbanístico. Por outra, integra un conxunto de normas de aplicación inmediata directa, a través da regulación de usos das distintas Áreas, para a “conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras”.

A normativa incorpora tamén un apartado específico no que se establece a relación co planeamento municipal vixente en cumprimento do artigo 14.3 da Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia. Do mesmo xeito, establécese unha serie de disposicións transitorias e adicionais.

TÍTULO VI. PROGRAMA DE ACTUACIÓN.

O POL non recolle un informe ou memoria de sostibilidade económica posto que da súa implantación non se deduce ningunha actuación de que implique expropiación, urbanización ou edificación. Porén, si reflicte unha serie de reflexións de carácter económico co obxectivo de poñer de manifesto a necesaria coordinación das políticas públicas no litoral.

Este Programa de actuación propón unha serie de actuacións que poderán levarse a cabo para a consecución dos obxectivos do presente Plan e que poderán quedar plasmadas mediante a elaboración dun Programa coordinado de actuación (instrumento recollido na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia).

TÍTULO VII. ANEXOS.

Componse de catro Anexos que desenvolven de maneira máis pormenorizada:

- Espazos de interese paisaxístico
- Núcleos de identidade do litoral
- Praias
- Marco xurídico

TÍTULO VIII. INFORME DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL (ISA).

Recolle o documento preceptivo conforme a Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente para a tramitación da Avaliación ambiental estratéxica do presente Plan. O ISA desenvolve o contido e determinacións establecidas polo Documento de referencia remitido o 3 de abril de 2009 pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible.



1.03

*Desembocadura do río Eume.
Golfo Ártabro.*

1.2.2. A CARTOGRAFÍA

Recóllense distintas series cartográficas que reflicten a situación actual do territorio e do planeamento, os traballos de análise, usos do solo e elementos para a valoración, así como o modelo territorial proposto e a súa aplicación. Dada a complexidade do documento e a extensión do ámbito territorial que abrangue, buscouse a máxima claridade na cartografía capaz de recoller a documentación necesaria para a correcta comprensión e aplicación do modelo proposto. As series cartográficas que presenta o presente Plan son:

- Ortofotografías
- Ortofotografía dos anos 1956 e 1957
 - Ortofotografía PNOA dos anos 2007 e 2008

- Síntese territorial
- Planeamento urbanístico
 - Planeamento sectorial

Usos e elementos para a valoración

Modelo territorial

Modelo de xestión

1.2.3. AS FICHAS DE UNIDADES DE PAISAXE.

Ademais dos obxectivos e os contidos que lle son propios ao presente Plan, de conformidade cos artigos 2.2.d e 5.2. da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, intégranse plenamente a protección, xestión e ordenación da paisaxe, na ordenación territorial mediante as unidades de paisaxe identificadas.

As fichas das unidades de paisaxe conteñen a caracterización deste conforme a metodoloxía expresada no Capítulo 3 do Título II do presente Plan. Este traballo constitúe o marco complementario de aplicación do POL e completárase coas determinacións que establezan os Catálogos da paisaxe litoral e as Directrices de paisaxe que os desenvolven.

1.3. MATRIZ DE CONTIDOS

Recóllese a seguir unha matriz da información contida no presente documento estruturada, baseándose por unha banda nos contidos establecidos para os plans territoriais integrados na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia e, por outra, nas funcións encomendadas ao POL.

	I. Metodoloxía			II. Síntese territorial				III. Paisaxe			IV. Modelo de xestión			V. Normativa	VI. Programa de actuación	VII. Anexos				VIII. Informe de sostibilidade ambiental	Documentación gráfica	Fichas unidades de paisaxe
	cap.1. MARCO XURÍDICO	cap.2. CRITERIOS METODOLÓXICOS	cap.3. O GOBERNO E A PARTICIPACIÓN	cap.1. ESTRUCTURA TERRITORIAL.	cap.2. DINÁMICA SOCIOECONÓMICA	cap.3. DINÁMICA TURÍSTICA	cap.4. ENERXÍA	cap.1. A PAISAXE	cap.2. AS PAISAXES	cap.3. CARÁCTER. DA PAISAXE	cap.1.MODELO	cap2. ESTRATEXÍAS	cap.3. SENDA DOS FAROS			anexo 1. ESPAZOS DE INTERESE PAISAXÍSTICO	anexo 2. NÚCLEOS DE INDENTIDADE LITORAL	anexo 3. PRAIAS	anexo 4. MARCO XURÍDICO			
Contidos																						
• Diagnóstico territorial da área, en especial no referente aos recursos naturais, poboación, planeamento vixente e situación socioeconómica.																						
• Definición dos obxectivos da ordenación, con especial atención ao estudo das posibilidades de desenvolvemento socioeconómico.																						
• Sinalamento dos espazos aptos para servir de soporte ás grandes infraestruturas, determinando a localización e características daquelas que deban crearse ou modificarse para potenciar o desenvolvementoo socioeconómico comarcal.																						
• Definición da localización dos equipamentos de interese común para a área ou zona obxecto do Plan.																						
• Criterios, principios e normas xerais que constitúan o referente para a ordenación urbanística municipal.																						
• Recomendacións e propostas relativas aos espazos que deban ser obxecto de remodelación, rexeneración ou rehabilitación, co fin de evitar a súa degradación ou conseguir a súa recuperación para usos, total o parcialmente, distintos.																						
• Determinacións tendentes a evitar desequilibrios funcionais en zonas estremeiras de distintos municipios.																						
• Creación de medidas de apoio encamiñadas a incentivar actuacións que favorezan a consecución dos obxectivos fixados nas Directrices de ordenación do territorio e no propio Plan.																						
• Criterios, normas e principios necesarios para o desenvolvemento das súas determinacións.																						
Funcións. Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia																						
• A concreción do ámbito litoral da Comunidade de Galicia, obxecto de ordenación, considerando no seu conxunto o litoral, como unha entidade continua e única, dotada dun alto valor que debe ser debidamente protexido desde unha perspectiva integral, dentro da política de desenvolvemento sostible.																						
• A protección e conservación dos recursos naturais do litoral, a través do establecemento de criterios para o mantemento e custodia dos elementos naturais, das praias e, en xeral, da paisaxe litoral.																						
• Sinalar aqueles ecosistemas litorais e unidades xeomorfolóxicas e paisaxísticas, cuxas características naturais, actuais ou potenciais, xustifiquen a súa conservación e protección.																						
• A protección e conservación do patrimonio natural e cultural do litoral, a través do establecemento de criterios para a protección de todos os elementos que configuran a paisaxe litoral.																						
• Fixar os criterios, principios e normas xerais para a ordenación territorial dos municipios costeiros da Comunidade Autónoma de Galicia propiciando a ordenación racional dos usos do solo baseada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade.																						
• Elaborar unha normativa de aplicación nas distintas categorías que constitúa o marco de ordenación a partir do cal regular os usos e actividades localizados no litoral, desde a perspectiva da necesaria protección e conservación das súas características e valores naturais, culturais ou ambos.																						
• Establecer un marco básico de referencia para integración de políticas territoriais e actuacións urbanísticas, tendo en conta a sostibilidade dos recursos naturais do litoral.																						
• Lograr unha óptima coordinación de actuacións territoriais e urbanísticas entre as Administracións que operan sobre o litoral e a súa contorna terrestre (estatal, autonómica e local) baixo o previo e obrigado respecto ás competencias administrativas de cada parte e dos mecanismos de coordinación en vigor.																						
• Constituír a base para a elaboración dun Programa coordinado de actuación do espazo litoral e a proposta de actuacións para a conservación, restauración e posta en valor dos ecosistemas e a paisaxe.																						
Funcións. Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.																						
• Integrar plenamente a protección, xestión e ordenación da paisaxe, na ordenación territorial mediante as unidades de paisaxe identificadas. Así, as determinacións que establezan os Catálogos de paisaxe litoral e as Directrices de paisaxe que o desenvolvan integraranse como un marco complementario deste Plan, na medida en que son os instrumentos previstos na Lei 7/2008 para asegurar unha adecuada protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia.																						
Contido Lei 9/2006 do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente																						

